



Ref.-AEG/axps
209/16

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E O CONCELLO DE OURENSE PARA O FINANCIAMENTO E EXECUCIÓN DA URBANIZACIÓN DOS ACCESOS AO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE OURENSE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que o organismo autónomo Servizo Galego de Saúde ten previsto formalizar coa Axencia Galega de Infraestruturas, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ourense o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Axencia Galega de Infraestruturas, o organismo autónomo Servizo Galego de Saúde, a Deputación Provincial de Ourense e o Concello de Ourense para a execución das obras de urbanización dos accesos ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O organismo autónomo Servizo Galego de Saúde, no marco das súas atribucións, está a desenvolver as actuacións de ampliación do Complexo Hospitalario de Ourense nunha parte situada na parcela nº 12 do proxecto de compensación do AR-39, cedida con data 5 de outubro de 2011 polo Concello de Ourense. A execución das obras correspondentes a este novo edificio de hospitalización conta coa preceptiva licenza municipal concedida polo Concello de Ourense, por Acordo da Xunta de Goberno Local do 27 de marzo de 2013. No dito acordo de concesión de licenza engádese que "non se permitirá a ocupación dos edificios ata que non estea realizada totalmente a urbanización que afecte a ditos edificios e estean en condicións de funcionamento as subministracións de auga e enerxía eléctrica e as redes de sumidoiros".

Por razóns técnicas, e para garantir a coherencia da actuación co remate das obras de ampliación do CHOU, estímase conveniente que a execución desa obra parcial de urbanización sexa asumida pola Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, empregando o procedemento do artigo 198 da LOUG para a autorización da actuación.

En consecuencia, tendo en conta o excepcional interese público que implica á posta en funcionamento dos servizos sanitarios que serán prestados neste novo edificio de hospitalización, e a urxencia para que se leven a cabo os mesmos de acordo cos prazos de execución previstos, e considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases xurídicas, técnicas e económicas para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións, de xeito que as obras sexan financiadas pola Deputación (na parte que afecta á área de reparto) e o Concello (na parte que afecta ao solo consolidado) executándose pola Xunta de Galicia a través da Axencia Galega de Infraestruturas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 18 de marzo de 2016.

A secretaria xeral técnica

Josefina Monteagudo Romero.